

Cómico desconcerto

Unha traxicomedia esperpéntica




DOLORES MARTÍNEZ TORRES

O achado da primeira versión do *Hamlet* nun pazo de Ribadeo é a excusa argumental desta novela, cuxas páxinas rezuman obsesión polo universo de Shakespeare: dende a denominación dos capítulos mediante títulos das súas pezas aos abundantes textos inseridos, pasando polo carácter traxicómico do conxunto.

No pazo habitan un vello pintor e o seu fillo Ricardo, un cincuentón corcovado e porreiro, incapaz de afrontar a existencia sen filtrala a través dos seus monicreques. Ambos manteñen posicións encontradas na discusión sobre a autoría das obras do dramaturgo, polo que o descubrimento do manuscrito impulsará a Ricardo a emprender unha viaxe a Stratford coa intención de autenticalo. O resultado desa viaxe precipitará os acontecementos e, arrincándolles as máscaras aos protagonistas, descubrirá as soterradas paixóns que os moven. O final estoupa nunha apoteose espectacular, con revelacións solemnes e grande aparato de trebóns, sangue e lume. Así, uns lectores renderanse á admiración ante tan súbita pirueta; mais tamén haberá quen, con frívola crueldade, pensarán que, en fin, menos mal, polo menos remata cun feixe de mortos.

E é que, nesta traxicomedia esaxerada e esperpéntica, pode dar a impresión de que o tráxico move á risa e o cómico provoca desconcerto.

A través da ironía e da parodia, a obra indaga nas relacións perversas de amor, intriga e segredos entre un reducido grupo de individuos destinados a pagar prezos demasiado altos no seu empeño en axear a realidade aos seus soños, ben tratando de manipulala ou ben co ánimo de inhibirse dela. Malia todo, na miña opinión, os caracteres distan bastante de trascender a súa función argumental e non acadan memorable pervivencia, polo que a forza dramática se eslué en trivialidades. Tamén destacaría a omnipresencia das pinceladas pop -unha chiscada cómplice e tan contemporánea-, que na súa meirande parte se me antollaron gratuítas e, pola súa abundancia, máis unha novedosa estratexia de “product placement” que un orixinal recurso creativo. A ver: “Un chufasqueiro McLaren azul procedente dunha poxa de eBay, uns vaqueiros da mesma cor Old Navy e uns tenis brancos Nike Diamond II chegaron canda ela”; intencionado e moi ilustrativo, si, pero, para o meu gusto -de todo ten que haber-, abrumador.



JAUREGUÍZAR, Santiago, *O globo de Shakesperare*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, páxinas.